



O DEPORTE *em* Oleiros



Concello de Oleiros
Servizo Municipal de Deportes

Documentación e textos:
Luís Hernández Alvedro
Saúco Fernández Martínez

Deseño e maquetación:
Carmen Blanco González

Edición e corrección lingüística:
Lucía Filloy López

Fotografías:
Santiago Casal

Edita:
Concello de Oleiros

Depósito legal:
C 2846 - 2010

Imprime:
Alva Gráfica



Telf. Concello de Oleiros: 981 610 000
www.oleiros.org

Índice

1	As instalacións deportivas municipais	5
1.1	As piscinas municipais	7
1.2	Os pavillóns polideportivos cubertos	11
1.3	As instalacións náuticas	17
1.4	Pistas polideportivas cubertas	20
1.5	Pistas polideportivas descubertas	23
1.6	Pistas descubertas nos centros de ensino	25
1.7	A pista de monopatín de Bastiagueiro	27
1.8	Os campos de fútbol	28
1.9	Os rocódromos municipais	34
1.10	Os campos de chave	36
1.11	As pistas de tenis	38
1.12	Os espazos naturais	40
2	Os programas deportivos municipais para escolares	43
2.1	A Liga Escolar de Judo	45
2.2	A Liga Escolar de Fútbol	47
2.3	O Torneo Escolar de Balonmán	47
2.4	Escolas acuáticas municipais	48
2.5	Escolas Deportivas Municipais	49
2.6	Programa complementario de Educación Física nos centros escolares	50
2.7	Programa de dinamización dos xogos populares nos centros de ensino	52
2.8	Cursos de iniciación ao surf e body-board	53
3	As competicións deportivas municipais	55
3.1	Torneo de Fútbol 11	57
3.2	Bandeira de Traíñas	58
3.3	Trofeo de Patinaxe Artística	59
3.4	Triatlón de Oleiros	60
3.5	Torneo de Tenis de Mesa	61
3.6	Torneo de Chave	62
3.7	Liga Municipal de Fútbol Sala	63
4	Os programas deportivos recreativos de verán	65
5	O Programa municipal de exercicio físico para a saúde	69
6	Os deportistas oleirenses	73
7	Os clubs deportivos de Oleiros	89

O DEPORTE *en* Oleiros

O deporte sempre foi para o Goberno que presido un asunto prioritario e por iso, sentímonos moi orgullosos da alta participación e da cualificación acadada pola nosa mocidade e por aquelas persoas non tan novas nas múltiples prácticas deportivas que en Oleiros se levan a cabo.

Froito dunha acción coordinada entre o Concello, deportistas e clubs, onde contamos con directivos que interpretan á perfección un xeito de ser, de pensar e de inspirar xeracións sas e con futuro, xorden deportistas entregados á persecución dunha meta: chegar, e se é posible, máis lonxe, máis alto, máis forte.

A publicación que tedes nas vosas mans é unha homenaxe a todos eles polo seu esforzo, polo seu afán de superación e polo prestixio que lle dan a Oleiros e aos clubs nos que participan. E quere ser tamén un recoñecemento ao excepcional traballo que os diferentes colectivos están a levar a cabo que redunda na preparación física e incide positivamente na saúde das persoas contribuíndo á convivencia e á mellora das relacións sociais entre a cidadanía.

Ángel García Seoane

Alcalde de Oleiros



As instalacións deportivas municipais



1

As instalacións deportivas municipais



O Concello de Oleiros é consciente desde hai moitos anos da importancia que ten para a sociedade o deporte e a actividade física. Deste xeito, e tras máis de 20 anos de traballo e investimentos, na actualidade Oleiros dispón dunha ampla e completa rede de instalacións e espazos deportivos que o sitúan entre os municipios de España cun maior índice de superficie construída para uso deportivo por habitante.

As instalacións deportivas e os numerosos espazos abertos habilitados para facer deporte, como parques, sendeiros, praias ou carrís bici, forman as pezas fundamentais na engrenaxe do sistema deportivo oleirense. A distribución territorial destes equipamentos ao longo do municipio facilita a accesibilidade de toda a poboación á actividade física.

Teresa Vázquez Maseda
Concelleira de Deportes



➤ 1.1 As piscinas municipais

Os complexos deportivos que albergan as piscinas municipais son verdadeiros centros de saúde, xa que ademais dos vasos para actividades acuáticas, contan cunhas completas instalacións. Os catro centros cos que conta o municipio na actualidade complétanse con salas nas que monitores deportivos imparten actividades programadas, salas para desenvolver traballo cardiovascular e de musculación equipadas cunha ampla variedade de aparatos, así como saunas e uns cómodos vestiarios.



◆ **Complexo deportivo de Oleiros:** rúa Miguel Hernández, 17, Oleiros




▼ **Complexo desportivo de Perillo:** rúa da Canteira s/n, Perillo ►



◀ **Piscina municipal da Fábrica:**
rúa do Inglés, 3, Perillo ▼

▼ **Complexo desportivo de Dorneda:** rúa do Moucho, 3, Dorneda





O modelo de xestión e a política de prezos públicos que leva a cabo o Goberno municipal facilita a accesibilidade de todos os veciños a estas instalacións. Ademais, o Concello encárgase de habilitar estes espazos para que os clubs deportivos do municipio que así o desexen poidan utilizar as piscinas para desenvolver a súa rutina diaria de adestramentos e albergar competicións. Este é o caso do **Club Acuatic Coruña**, que desenvolve a súa actividade na piscina municipal de Perillo.



O **Acuatic Coruña** é un club de **natación sincronizada**. Na actualidade conta con 40 nadadoras de todas as idades, na súa maioría veciñas do noso municipio. Ao longo da súa historia este equipo conseguiu importantes logros

deportivos a nivel autonómico e conta con varios campionatos galegos en categoría infantil, un subchampionato xuvenil e un destacado terceiro posto acadado por **Claudia Otero** no campionato galego de nivel figuras.

➤ 1.2 Os pavillóns polideportivos cubertos

Os pavillóns polideportivos cubertos de Oleiros están situados de forma estratéxica dentro dos recintos escolares ou moi preto deles. Deste xeito, o Goberno local posibilita o seu uso para o desenvolvemento dunha educación física e deportiva de calidade, a práctica de actividades extraescolares, o desenvolvemento de competicións internas e outro tipo de actividades promovidas polos propios centros escolares. O Concello de Oleiros conta cun servizo de conserxería e limpeza para todos os polideportivos cubertos que inclúe a instalación náutica de Bastiagueiro e que supón un investimento anual de 155.000 euros.



▲ Polideportivo municipal de Bastiagueiro:
rúa Uxío Novoneira, 7



▲ Polideportivo municipal de Perillo:
avenida Valle Inclán, 26



▲ Polideportivo municipal da Rabadeira:
rúa do ensino, 3



▲ Polideportivo municipal Arsenio Iglesias:
praza Arsenio Iglesias, 7



▲ Polideportivo municipal de Canide: avenida María Pita, 27



Así mesmo, de luns a venres, desde as 18.00 ata as 23.00 horas, e nas fins de semana, o Concello xestiona directamente o uso destas instalacións para permitir que clubs deportivos oleirenses e grupos de veciños poidan desenvolver a súa actividade diaria de adestramentos e competicións. Ao contrario do que sucede en moitos concellos, os clubs oleirenses utilizan gratuitamente estas instalacións, o que supón unha grande axuda para as entidades e contribúe á creación de novas sociedades deportivas no municipio.

Entre os clubs deportivos que desenvolven a súa actividade nos polideportivos cubertos municipais encóntrase o **Club Baloncesto As Torres**, que habitualmente adestra e compite no polideportivo municipal de Perillo. Ademais, esta asociación deportiva pode presumir do xogo de **Claudia Calvelo**, convocada pola Selección Española de Baloncesto en categoría sub-18. Tamén como equipo de **baloncesto** desenvolve a súa actividade nos polideportivos municipais o **Club Valle Inclán**. As xogadoras do Valle Inclán foron campioas de liga na categoría júnior feminina e subcampioas alevín na tempada 2008-2009.



No polideportivo da Rabadeira, adestra o **Club Patín Rabadeira**.

Trátase dun club deportivo que se dedica á **patinaxe** na súa modalidade de velocidade. Na actualidade conta cun total de 57 deportistas, desde os 3 aos 30 anos de idade, e que compiten en todas as categorías. O **Club Patín Rabadeira** acadou nas últimas tempadas varios triunfos nos campionatos galegos de **patinaxe de velocidade**.

O patinador **Adrián Suárez** logrou o ouro nos 10.000 metros por eliminación, mentres o seu compañeiro **David Garrido** logrou a segunda posición. Na competición feminina destaca **Miriam Veiras**, quen logrou a medalla de prata en catro categorías distintas.



Xunto co Club Patín Rabadeira, Oleiros conta con outro club de patinaxe pero en modalidade artística, o **Club Patinaxe Oleiros**, que desenvolve a súa actividade no polideportivo municipal Arsenio Iglesias, en Santa Cruz. O **Patinaxe Oleiros** foi fundado en 1993. Na actualidade conta con 90 patinadores e patinadoras de idades comprendidas entre os 2 e os 18 anos. Nos últimos anos destacou a figura do patinador **Pablo Vassallo**, que se proclamou campión e subcampión galego en varias competicións e logrou un máis que meritorio oitavo posto no Campionato de España.

no Campionato de España.



Ademais dos clubs de patinaxe, é habitual ver adestrar nos polideportivos de Oleiros os equipos de **ximnasia**. Na actualidade o municipio conta con dous, o **Club de Ximnasia Rítmica Acordes** e o **Club Cabi de ximnasia deportiva**. Entre as dúas entidades suman máis de 150 deportistas. Ambos os dous levan a cabo a súa rutina de adestramentos no polideportivo municipal de Bastiagueiro, onde comparten instalacións co **Club Voleibol Oleiros**.



O **Club Voleibol Oleiros** naceu en 2008 para satisfacer as inquietudes dun grupo de mozas e de mozos que, logo dunha serie de anos gozando do voleibol en distintos equipos, deciden xuntarse para crear un proxecto de futuro. Ao longo do seu segundo ano de vida, o equipo oleirense creou unha escola de novos talentos desde a que pretenden vertebrar o seu crecemento como entidade deportiva. Esta escola está composta integramente por nenos e nenas do municipio.



Xunto coa ximnasia, o voleibol e a patinaxe, o **fútbol sala** é unha das disciplinas máis practicadas nos pavillóns polideportivos de Oleiros. Ademais da liga local, na que participan equipos formados por veciños, Oleiros conta con tres equipos federados que compiten en distintas categorías. Trátase do **Club Mera Fútbol Sala**, a **Unión Deportiva Libertad**, e o **Club**

Spórting Valle Inclán. O equipo máis vello é o **UD Libertad** que foi fundado no ano 1998. Desde o ano 2000 xoga na Liga Provincial da Coruña, onde as últimas catro tempadas quedou clasificado en cuarto lugar logrando xogar a copa.



Pola súa parte, o **Club Mera Fútbol Sala** fundouse no ano 2000. Na súa primeira tempada competiu na Liga Provincial, na que logrou terminar en primeira posición e ascender de categoría. Ademais, ese mesmo ano, gañou a copa. Desde o primeiro ascenso, no ano 2001, logrou subir de categoría ata converterse nun fixo da Primeira Nacional. Conta con equipos inferiores desde o ano

2004 e anualmente celebra un campus de fútbol sala para nenos. Pero sen dúbida, o equipo máis novo é o **Spórting Valle Inclán**, que xorde no ano 2008 por iniciativa dun grupo de pais que desexa que os seus fillos sigan relacionándose a pesar de estudar en distintos centros. Nos seus dous anos de historia logrou o campionato nos torneos Liceo e Calasanz.



➤ 1.3 As instalacións náuticas

Aberto ao mar, Oleiros non esquece o potencial que ten como concello marítimo, cunha costa case virxe e onde as actividades náuticas atopan un escenario natural inmillorable. Neste contorno naceron as dúas entidades que na actualidade se benefician do uso das instalacións municipais náuticas, o **Club de Regatas de Perillo** e o **Centro Deportivo Mariñeiro de Mera**. Na actualidade máis de 80 deportistas practican algunha modalidade de remo no Club de Regatas de Perillo. Este equipo naceu en 1970, cando comezou a dar os seus primeiros pasos nos campionatos de España de trañas e bateis e logrou o título galego nas dúas modalidades en diferentes anos. Nos anos 80 comezan a



practicar as disciplinas de banco móbil e participan nos primeiros campionatos estatais. Na década dos 90 foi cando comezaron a acumular os títulos e medallas, pero sen dúbida o logro máis importante do Club de Regatas de Perillo foi o acadado pola tripulación da súa traña en 2002, cando lograron un histórico segundo posto na **Bandeira da Concha de San Sebastián**, a competición máis prestixiosa que existe nesta tradicional modalidade.



Ademais dos clubs deportivos, as instalacións náuticas municipais son usadas por grupos de veciños e posibilitan o desenvolvemento dos distintos programas deportivos que pon en marcha o Concello.

Instalación náutica de Bastiagueiro: Utilizada para actividades municipais de surf, body-board e kaiak de mar. As persoas abonadas da instalación poden gardar o seu material e utilizar as duchas e os vestiarios.



Instalación náutica da Fábrica: Tamén utilizada polo Club de Regatas de Perillo para o funcionamento da súa modalidade de remo olímpico (banco móbil) e a súa escola de aprendizaxe. Tamén teñen lugar nesta instalación todas as actividades municipais de remo que organiza o Servizo Municipal de Deportes cos centros escolares e cursos de verán. Hai que destacar que esta instalación conta cun peirao flotante para facilitar a saída á auga das persoas usuarias.



Instalación náutica de Sta. Cristina: Trátase dun sensacional local de 400 m² utilizado polo Club de Regatas de Perillo para gardar as embarcacións de remo de banco fixo, bateis, trañas e trañeirñas. Conta con vestiarios e duchas.

Instalación náutica de Mera: O club que usa habitualmente esta instalación é o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera. A súa historia comeza nos anos corenta do pasado século. Era unha agrupación formada principalmente por xente do mar, mariñeiros profesionais que competían coas confrarías veciñas. Nos anos cincuenta comeza a competir nas regatas estatais e xa nos anos sesenta logra os seus maiores éxitos deportivos. En 1961 logra a medalla de prata no campionato de España de trañas e a medalla de bronce no de bateis. Na actualidade, é un club de canteira que compite nas disciplinas de banco fixo en batel e trañeirña. Conta con 25 remeiros nas categorías sénior e cadete. Proximamente espera incorporar unha tripulación de categoría infantil.



Instalación náutica de Sta. Cruz: Igual que a instalación de Bastiagueiro, utilízase para actividades náuticas municipais como o kaiak de mar.



► 1.4 Pistas polideportivas cubertas

O Goberno local, dentro da súa política de dotar o municipio dunha ampla rede de instalacións deportivas, traballa para achegar estas infraestruturas ás distintas vilas e núcleos de poboación. Deste xeito, ao longo dos anos, foi situando estratexicamente unha completa rede de pistas polideportivas cubertas que posibilitan a práctica deportiva ao longo de

todo o ano e baixo condicións climáticas adversas. Ademais, os dispositivos de iluminación cos que contan estas canchas cubertas amplía o seu horario de uso. Oleiros dispón na actualidade de nove instalacións deste tipo espalladas polo municipio, de forma que practicamente toda a poboación oleirense ten preto da súa casa un polideportivo cuberto.



▲ **Pista exterior cuberta dos Regos:** rúa Río Eume, s/n

▼ **Pista exterior cuberta de Meixonfrío:** rúa Manuel Gutiérrez Mellado, s/n



► **Pista exterior cuberta de Nós:** praza da Liberdade, 1



▼ **Pista exterior cuberta de Iñás:** rúa da Vila, 48

▼ **Pista exterior cuberta de Rialta:** rúa do Moucho, 1



▼ **Pista exterior cuberta de Lorbé:** rúa do Golfiño, 36





▲ **Pista exterior cubierta de Perillo:** avenida Il República, 5

Pista exterior cubierta de Dexo: avenida Jiménez Herrero, 91 ▼



▼ **Pista exterior cubierta do IES Miraflores:** avenida Miguel Hernández, 8



➤ 1.5 Pistas polideportivas descubertas

Como complemento ás pistas cubertas, o Concello de Oleiros dispón dunha rede de pistas polideportivas descubertas. Estas instalacións, aínda que con menores prestacións que as cubertas, son moi numerosas e encóntanse nun bo estado de conservación. Estas pistas completan dunha forma inmillorable a rede municipal de polideportivos e o seu uso é moi elevado debido principalmente á súa distribución e proximidade aos veciños.

Pistas polideportivas do Condús: ▼
rúa Condús, 6 e rúa Repetida, 7



Pista recreativa do Carballido: ▲
avenida de Valle Inclán s/n

Pista polideportiva da casa do pobo de Dorneda: ▼
avenida República Argentina, 88



Pista de baloncesto de Fonte do Espiño, Romardeiro: rúa Antón Fraguas, s/n ▼





▲ **Pista polideportiva de Sta. Cruz:**
rúa Rafael Dieste, s/n



▲ **Pista polideportiva do Seixal:**
rúa o Lameiro 11A



▲ **Pista polideportiva de Xoez:**
rúa Castro da Groba, s/n



▲ **Pista polideportiva do Pazo da Carballeira:**
avenida Salvador Allende s/n



▲ **Pista polideportiva de Cividáns:** Cividáns s/n



▲ **Pista polideportiva do Carballo:** rúa Maside, 19



▲ **Pista recreativa de Icaria:** rúa Ícaro s/n



▲ **Pista de fútbol sala da Cova dos Bois:**
rúa Miguel Servet s/n

➤ 1.6 Pistas descubertas nos centros de ensino

Ademais destas pistas cubertas, o Concello de Oleiros dispón dunha serie de instalacións nos centros escolares. Aínda que de propiedade municipal, estas pistas son de uso exclusivamente escolar e o concello encárgase do seu mantemento. As instalacións sitúanse nos centros escolares do CEIP Valle Inclán en Perillo, o CEIP Luís Seoane en Canide, o CEIP Isidro Parga Pondal en Santa Cruz e o CEIP A Rabadeira en Oleiros. Así mesmo, o IES María Casares en Bastiagueiro, o IES Neira Vilas e o IES Miraflores tamén contan cunha pista polideportiva de titularidade municipal.



Pista descuberta do CEIP Isidro Parga Pondal: ▲
rúa do Saber, 2, Liáns



Pista descuberta do CEIP A Rabadeira: ▼
rúa do Ensino, 3, Oleiros

Pista descuberta do CEIP Luís Seoane: ▲
avenida Morro de Canide, 8, Maianca





▲ **Pista descuberta do IES Miraflores:**
rúa Miraflores, 7, Oleiros



▲ **Pista descuberta do IES María Casares:**
avenida Ernesto Che Guevara, 140, Liáns



▲ **Pistas descubertas do IES Xosé Neira Vilas:** rúa Xosé Neira Vilas, 3, Perillo ▲



▲ **Pistas descubertas do CEIP Valle Inclán:** avenida Valle Inclán , 26, Perillo ▲



➤ 1.7 A pista de monopatín de Bastiagueiro

A pista de monopatín do Concello de Oleiros é unha moderna e completa instalación integrada no parque de Liáns, fronte á praia de Bastiagueiro. A execución deste proxecto xurdiu do interese do Goberno local por promover a práctica das disciplinas deportivas preferidas polos máis novos dotando o municipio dun espazo habilitado para iso, e evitando a deterioración doutros espazos públicos. Trátase dun parque de patinaxe único en Galicia pola súa extensión e o seus equipamentos, que o sitúan entre os mellores de toda España. A súa estrutura ofrece a posibilidade de desenvolver diversas disciplinas de patinaxe, o que posibilita a execución da totalidade dos xestos técnicos. Ademais esta moderna pista de patinaxe conta con iluminación, aparcadoiro e acceso a través do carril bici.



➤ 1.8 Os campos de fútbol

A historia do deporte en Oleiros está vinculada á historia do fútbol. Como noutros moitos lugares do país, o fútbol foi unha das primeiras disciplinas deportivas que comezou a introducirse entre os xogos tradicionais a principios do século XX. A ancestral relación de Oleiros co mundo do mar fixo que este deporte chegara ao noso municipio moi cedo a través dos mariñeiros que viñan das illas británicas. A praia de Bastiagueiro

servía entón de campo. Lonxe daqueles partidos improvisados, Oleiros conta na actualidade con 8 campos de fútbol, xestionados e utilizados polos clubs locais, que teñen subscritos diversos convenios de colaboración co Concello. Milleiros de nenos, mozos e adultos oleirenses xogan ao fútbol nestas instalacións como xogadores dos oito clubs de fútbol do municipio.



O campo de herba artificial **Eugenio Pardo Conchado**, situado en Oleiros, é neste momento a instalación referente pola súa modernidade e pola calidade do terreo sintético, pero non é a única instalación municipal. Ademais, o Goberno local está a traballar na construción de dous novos campos de fútbol de céspede sintético que estarán situados en Mera e en Dorneda.



O Eugenio Pardo Conchado é utilizado na actualidade polo **Club Obrero de Oleiros**. Este equipo xorde no ano 1930, cando a xente máis humilde da zona que non tiña a posibilidade de incorporarse ao club de Oleiros da época, o desaparecido Miraflores, crean o Spórting Obreiro. Tras unha interrupción de 4 anos provocada pola Guerra Civil, o club retoma a actividade en 1940. É entón cando, debido á prohibición dos anglicismos a nivel nacional, cambia o seu nome polo de Deportivo Obrero de Oleiros. Ao longo da súa historia logrou importantes triunfos deportivos a nivel local, como a Copa da Coruña de 1978 e o Mini Teresa Herrera de 1982. Na actualidade, conta con catro equipos nos que participan máis de 80 deportistas.



O Marino de Mera é unha das entidades máis antigas da comarca, xa que conta con 84 anos de historia. Foi fundado no ano 1924 co nome de Spórting Mera, pero en 1930 cambia o nome e pasa a ser Marino de Mera, xa que a maioría dos seus compoñentes estaban relacionados co mundo do mar e máis ao tratarse dunha vila mariñeira. No ano 1943 comeza a participar en competicións oficiais. Nestes primeiros anos militou en categoría rexional e en primeira e segunda división das Mariñas. Entre os principais logros deportivos acadados, destaca a famosa final da Copa da Coruña disputada en 1951 contra o Oza Xuvenil, que o Marino perdeu con polémica arbitral tras dous igualados enfrontamentos. Na actualidade, conta con máis de 120 deportistas federados e disputa os seus partidos no Campo de Fútbol do Xabrón, aínda que o Goberno local xa está planificando o novo campo de fútbol da zona norte do municipio.

Outro dos clubs históricos do municipio é o **Unión Campestre de Montrove**, que comparte o **campo de fútbol de Montrove** co **Atlético Perillo**. O Unión Campestre F.C. fundárono en 1908 dous dos mozos que disputaron os primeiros partidos en Bastiagueiro. O equipo gañou a primeira Liga das Ma-

riñas en 1940. Desde entón e ata agora, o Unión Campestre acadou varios logros deportivos a nivel local como o campionato de Segunda División da Liga das Mariñas na tempada 1972-1973 ou o Trofeo Concello de Oleiros en categoría xuvenil na tempada 2000-2001.



Actualmente, o club conta con equipos en todas as categorías de fútbol, o que lle asegura seguir cultivando éxitos no futuro. Pola súa parte, o Atlético Perillo foi refundado no ano 2005, logo de máis de 20 anos sen actividade. O proxecto do club de Perillo pasa na actualidade por proporcionar aos rapaces e mozos da parroquia unha estrutura para xogar ao

fútbol. Conta con tres equipos en categorías inferiores. Ademais, puxo en marcha un interesante proxecto de obra social que pretende axudar nos estudos aos nenos das súas categorías inferiores. Para iso, puxeron a disposición de todos os xogadores unhas aulas totalmente gratuítas nas que os cativos reciben apoio escolar.



O Dorneda foi fundado en 1943. Desde entón o club leva competindo de xeito ininterrompido 67 anos nas diferentes ligas da Federación Galega de Fútbol. Na actualidade conta con máis de 200 deportistas federados que defenden as súas cores. O primeiro equipo compite desde hai tres tempadas na Liga Preferente Norte, onde existe un alto nivel competitivo. Ademais, a Sociedade Recreativa Dorneda conta cunha escola de fútbol creada hai máis dunha década, que actualmente conta con máis de 150 nenos. O equipo de Dorneda será un dos beneficiarios da construción do novo campo de fútbol que o Goberno local planifica na parroquia.

Na parroquia de Nós existen dous equipos, o **Atlético San Pedro** e o **Hércules de San Pedro**. O Hércules utiliza o campo municipal de San Pedro, mentres ca o Atlético dispón do seu propio campo. O Hércules é un dos equipos máis antigos da comarca, xa que se fundou en 1912. Un grupo de veciños da parroquia reuniuse na coñecida casa do Lobo e decidiu formar un equipo. O club foi campión da Coruña por primeira vez nos anos corenta. En 1944 xogou



unha final que perdeu, pero ao ano seguinte logrou saír campión contra o desaparecido Fábrica de Armas, converténdose no primeiro club das Mariñas en gañar esta competición. Na actualidade, e con case un século de historia, o Hércules conta con 200 persoas socias. O principal reto a curto prazo é ascender de categoría e crear equipos de fútbol base que garanta a continuidade do club no futuro.

Pola súa parte, o grande rival do Hércules, o **Atlético San Pedro**, creouse no ano 1952 cando un grupo de mozos da parroquia que non tiñan praza para xogar no Hércules decidiu fundar unha nova escuadra. Nos máis de 50 anos de historia, o Atlético San Pedro logrou grandes fazañas deportivas como o ascenso á primeira división do fútbol modesto coruñés, acadado no ano 1973, ou a recente xesta de chegar ata as semifinais da copa da Coruña na tempada 2009-2010. O Atlético está considerado polos seus propios integrantes coma algo máis ca un equipo de fútbol, xa que a amizade e o compañeirismo que une os xogadores son as súas principais motivacións.



Tamén en Iñás existe unha longa tradición de fútbol, o campo municipal desta parroquia foi utilizado durante décadas polo club local, o **Mercurio**, hoxe xa desaparecido, pero que durante moito tempo competiu en terceira, segunda e primeira división do fútbol modesto da comarca.



▼ **Campo de fútbol do Xabroón:**
rúa do Xabroón, 10



▼ **Campo de fútbol de San Pedro:**
avenida Salvador Allende, 87



▼ **Campo Municipal de Fútbol de San Pedro:** rúa de Anido s/n



▲ **Campo Municipal de Fútbol de Montrove:** rúa Minerva, 15

◀ **Campo Municipal de Fútbol de Santa Cruz:** rúa Río Eume, 62

▼ **Campo de fútbol de Dorneda:**
avenida Emilia Pardo Bazán, 54



▼ **Campo Municipal de Fútbol de Iñás:**
rúa de Mandín, 12




▼ **Campo Municipal de Fútbol Eugenio Pardo Conchado:** rúa Condús, 6



➤ 1.9 Os rocódromos municipais



O Goberno local preocupouse por crear infraestruturas habilitadas para practicar escalada deportiva. Sempre foi unha actividade moi interesante para os centros escolares, dada a súa grande adaptabilidade e os recursos para a educación física. O Concello de Oleiros dispón de tres rocódromos onde se programan actividades municipais e onde os escaladores poden manter a súa preparación en época invernal.





▲ Rocódromo do pavillón de Bastiagueiro



▲ Rocódromo do pavillón de Perillo



▲ Rocódromo do pavillón de Canide

Os últimos froitos da aposta por esta actividade é a creación en Oleiros do primeiro club de montaña, o **Club de Montaña Pico do Castro**, que desenvolve a súa actividade na instalación de Perillo, onde planifica e adestra para as súas habituais saídas. O Club de Montaña Pico do Castro está formado por mozos e mozas oleirenses que gozan coa escalada e co contacto coa natureza.

➤ 1.10 Os campos de chave

Os xogos populares en Oleiros teñen o seu maior referente no xogo da Chave. Sen dúbida a disciplina tradicional máis practica no concello e que conta cun alto número de equipos que participan nas competicións locais. Na actualidade Oleiros conta con cinco clubs de chave que compiten de forma regular. Son o Club A Nova Chave de Oleiros, o Club de Chave de Perillo, o Club de Chave de Oleiros, Club de Chave S.R. Perillo e o Club O Peio de Santa Cruz.

Estes equipos poden desenvolver a súa actividade durante todo o ano xa que, na actualidade, todas as parroquias oleirenses dispoñen do seu propio campo de chave. Trátase de novas infraestruturas ou de vellas instalacións recuperadas e restauradas polo concello onde, tanto a xente nova como os máis vellos da vila, manteñen viva unha tradición centenaria. O Goberno local implícase na conservación deste deporte tradicional e promove a súa transmisión xeracional.

▼ **Campo de chave de Dorneda:**
avenida República Arxentina, 88



▼ **Campo de chave de Lorbé:**
rúa do Golfiño, 36



▼ **Campo de chave de Santa Cruz:**
parque do Emigrante,
avenida Concepción Arenal, 49



▲ **Campo de chave de Nós:** praza da Liberdade, 12

◀ **Campo de chave do Seixal:** rúa o Lameiro, 11 A

▼ **Campo de chave de Perillo:**
parque Nelson Mandela, rúa Etiopía s/n



▼ **Campo de chave de Iñás:** rúa da Vila, 48



▼ **Campo de chave de Oleiros:** praza de Galicia, 1



▶ 1.11 As pistas de tenis

Oleiros conta na actualidade con tres pistas de tenis municipais, públicas e de uso gratuíto. Estas instalacións, utilizadas por veciños, visitantes e en ocasións polos clubs locais, están situadas nos contornos de espazos naturais e recreativos que permiten compaxinar a práctica do tenis con outras actividades de ocio. A instalación máis utilizada é a de Bastiagueiro. Está situada no parque deste areal e as súas dimensións permiten a práctica do tenis dun xeito recreativo. Outra das pistas municipais de tenis está no contorno do paseo marítimo da Ría, en Perillo, moi preto da urbanización Hábitat. A terceira, e a máis nova de todas, é a situada nas inmediacións da igrexa de Nós, xunto ao pazo da Carballeira, nunha nova pista deportiva habilitada para a práctica do tenis, pero tamén do baloncesto.

▼ Pista de tenis de Perillo



▲ Pista de tenis de Bastiagueiro



▲ Pista de tenis de Nós



O municipio conta nestes momentos con tres clubs de tenis que, nalgúns casos tamén fan a función de escolas deportivas. Este é o caso da **Escola de Tenis Canabal**, fundada co formato actual no ano 2000. Esta escola compaxina a función docente e recreativa do tenis e do pádel coa participación en competicións federadas. Actualmente ten equipos en categoría alevín, infantil, sénior e veteranos. Ademais, nas ligas de pádel organizadas pola federa-



ción, compite cun equipo feminino, en segunda división, e dous masculinos, en segunda e terceira. Entre os logros máis recentes cómpre resaltar o campionato galego conseguido por **Anselmo Menéndez** no 2008, o campionato galego en categoría cadete acadado por **Jorge Couceiro** e o destacado papel de **Carla Rodríguez**, gañadora de varias probas do campionato de España de pádel.

Outros dos clubs de tenis de Oleiros é o **Club de Tenis Maianca**. Esta entidade foi fundada por un grupo de amigos e desde os seus comezos participan no Campionato Veteranos Júniors. Ademais, anualmente organizan dous torneos que puntúan para a clasificación nacional. No mes de xullo o Torneo Social CT Maianca e en setembro, o Torneo Fundacional CT Maianca. Actualmente conta con dez xogadores federados. O maior logro deste club é o seu labor social, cuxo obxectivo é transmitir a amizade e o espírito deportivo.

Ademais dos clubs de Maianca e Canabal, Oleiros conta co **Club de Tenis de A Coruña**. Esta entidade, igual que as outras, subvencionada polo Concello de Oleiros, desenvolve a súa actividade en San Pedro de Nós. O club foi fundado en 1966 e actualmente conta cunha base social de 720 socios e socias. Neste club de Nós militaron importantes tenistas do circuíto autonómico como **David Suárez Fábregas**, campión galego e **Nuria Sanjurjo**, subcampioa absoluta do campionato galego en 2009.



► 1.12 Os espazos naturais

A práctica da actividade física en Oleiros non se limita unicamente ás instalacións convencionais, os espazos naturais do noso concello son un marco excepcional para practicar deporte en contacto coa natureza. Deportistas de toda a comarca visitan Oleiros de forma habitual para adestrar. O Concello conta con enclaves naturais ideais para o desenvolvemento da actividade física, como a praia de Bas-

tiagueiro onde se practican todo tipo de deportes ou a ruta de Seixo Branco moi utilizada por ciclistas e corredores. Ademais, Oleiros dispón de 123 parques, 34 deles con máis de 5000 m² de superficie, que contan con equipamentos e espazos deportivos. Ao redor de 8 quilómetros de paseos marítimos para correr, camiñar e andar e outros tantos quilómetros de carril bici ao longo de todo o Concello.



▲ Praia de Bastiagueiro

▼ Parque das Galeras



▲ Carril bici en Bastiagueiro

▼ Instalacións para ximnasia no Bosque dos Veciños



▼ Senda peonil das Galeras



Ademais ao longo dos últimos anos o Goberno local instalou parques biosaudables equipados con aparatos cardiovasculares especiais para o mantemento da saúde entre os nosos maiores.

▼ Parque biosaudable en Perillo



▲ Ruta do Seixo Branco



Os programas deportivos municipais para escolares



2

Os programas deportivos municipais para escolares

O Goberno local do Concello de Oleiros sempre entendeu como prioritario na súa política deportiva a implicación e o investimento no deporte en idade escolar, xa que é consciente da súa importancia como parte fundamental na formación da xente nova. O deporte en idade escolar é participativo, integrador, complementario, san, seguro e sobre todo educativo a estas idades, onde o importante non é gañar se non o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.



O investimento directo que se fai desde o Servizo Municipal de Deportes para programas escolares é de máis de 96.000 euros anuais, ao que hai que engadir o importe económico que por medio de subvencións reciben do Concello de Oleiros todas as ANPA dos centros públicos de ensino para o desenvolvemento das súas actividades extraescolares. Este investimento supón **93.100 euros**, que sumado ao investimento en programas escolares supón unha cantidade global de investimento en deporte escolar de **189.100 euros anuais**.



➤ 2.1 A Liga Escolar de Judo

O Concello de Oleiros leva a cabo unha **liga anual** onde participan todos os nenos e nenas que practican judo nas casas do pobo de Oleiros e doutros centros escolares da comarca, o que enriquece o nivel deportivo da actividade. Máis de 300 nenos e nenas danse cita neste encontro no que amosan ano tras ano os seus avances deportivos e educativos. Para o desenvolvemento desta competición o Concello conta coa colaboración do **Judo Club Oleiros**.





O **Judo Club Oleiros** nace co obxectivo fundamental de difundir este deporte no municipio de Oleiros. A idea inicial foi impartir clases desta disciplina nas casas do pobo de forma que os nenos e as nenas tivesen acceso ao judo preto da súa casa. Deste xeito implantouse o judo na casa do pobo de Perillo, Santa Cruz, San Pedro e máis tarde na de Dorneda, tamén se impartiu clase nos centros escolares da Rabadeira e de

Canide. Co paso do tempo comezaron a xurdir inquedanzas por parte dos judokas oleirenses, que querían coñecer o seu nivel deportivo. Deste xeito, o club comezou a participar en competicións e deu un xiro dentro da súa política afondando máis no adestramento deportivo, pero sen abandonar o ámbito recreativo e educativo en ningún momento.

Na actualidade conta con 220 deportistas. Na última tempada destacan os logros deportivos de **Daniel Cebeira Rodil**, que se proclamou campión galego cadete. Pola súa parte, na categoría feminina, a judoka **Laura Salomón** rematou en segunda posición o campionato infantil en menos de 57 quilos de peso. Ademais, a nivel colectivo ao longo do 2009, o **Judo Club Oleiros** logrou o triunfo no prestigioso torneo Vila de Avilés en categoría alevín.



➤ 2.2 A Liga Escolar de Futbito

A **Liga Escolar de Futbito** é unha actividade programada para que os máis de **100 nenos e nenas** que practican futbito nas actividades extraescolares dos centros de ensino teñan a posibilidade de disputar encontros. Para isto, o departamento de Deportes utiliza o carácter motivador da competi-

ción para conseguir reforzar o seguimento desta práctica deportiva. Nesta liga é obrigatorio que todos os nenos e nenas participen nos encontros un mínimo de tempo, de xeito que se consiga a través da competición a integración e a participación de todos.

➤ 2.3 O Torneo Escolar de Balonmán



Esta competición dispútase entre equipos configurados desde as **escolas do Club Balonmán Oleiros** e equipos procedentes de clubs e colexios da comarca da Coruña, o

que fai maior a participación e aumenta o interese na actividade. A organización desta liga está a animar a que moitos rapaces xoguen ao balonmán en Oleiros.



➤ 2.4 Escolas acuáticas municipais

As escolas acuáticas municipais son probablemente un dos programas máis importantes que se leva a cabo desde o departamento de Deportes do Concello de Oleiros. O motivo desta relevancia é a importancia que ten para todos os nenos e as nenas o contacto co medio acuático. As actividades desenvólvense nas distintas piscinas municipais. Entre os beneficios que proporcionan a

participación nas distintas actividades das **Escolas Acuáticas municipais** destaca o desenvolvemento motriz no medio acuático dos rapaces e rapazas. Ademais, as sesións axudan a proporcionar seguridade e autonomía aos nenos xa que aprenden a nadar e desenvolven de forma correcta as súas capacidades básicas, como a forza, a resistencia ou a flexibilidade.



O curso pasado, **máis de 475 rapaces e rapazas** de todos os centros públicos de ensino e de todas as idades participaron neste programa, dispoñendo ademais dun servizo de transporte gratuíto proporcionado polo Concello e que facilita a accesibilidade ás piscinas municipais.



➤ 2.5 As escolas deportivas municipais

O Concello de Oleiros é coñecedor da problemática social que supón os elevados índices de obesidade infantil e xuvenil, do sedentarismo, e das dificultades que ás veces atopa a nosa mocidade para realizar actividades físicas e deportivas dun xeito regular. Por este motivo, puxo en marcha hai xa tres anos

as **escolas deportivas municipais** dirixidas a rapaces e rapazas de entre 12 e 17 anos. Os deportes como o **surf**, o **baloncesto**, a **natación** e o **bádminton** son as actividades habituais. Ao longo do curso 2009-2010 participan máis de 138 rapaces.



O eixos básicos do modelo educativo que propón o Concello con estas escolas son a diversión e o gusto pola práctica da actividade física e o deporte, proporcionar á xente nova hábitos saudables, e aproveitar os valores que transmite o deporte. Ademais estas

escolas perseguen o obxectivo de desenvolver as capacidades físicas e motrices, mellorar a disposición ao esforzo persoal e facilitar as relacións sociais, o traballo en equipo, a solidariedade, a tolerancia e o xogo limpo.

➤ 2.6 Programa complementario de Educación Física nos centros escolares

Este programa é un dos máis solicitados polos centros escolares. Consiste en incorporar á materia de Educación Física nos centros de ensino de secundaria e primaria, actividades que complementen a propia materia, e que na maior parte dos casos os propios centros non poderían realizar por si mesmos. Todas as actividades incluídas neste programa son gratuítas para o alumnado.

Xogos acuáticos, natación, remo, kaiak, escalada deportiva, body-board, e hóckey son algunhas das actividades que o Servizo Municipal de Deportes propón aos centros escolares para realizar en horario lectivo, achegando monitores, transporte e todo o material necesario. Durante o ano pasado foron máis de 1100 rapaces e rapazas que pasaron por algunha das actividades deste programa. Un auténtico luxo para o alumnado dos nosos centros no que o concello inviste **16.000 euros**.

▼ Remo. CEIP Luis Seoane



▲ Bádminton. IES M^a Casares



Body board. CEIP Valle Inclán



▲ Surf. IES M^a Casares



▲ Kaiak de mar. CEIP A Rabadeira



▲ Patinaxe no IES Neira Vilas



Kaiak de mar. IES M^a Casares


Actividades extraescolares municipais no CEIP Isidro Parga Pondal

Estas actividades extraescolares están organizadas e financiadas desde o Servizo Municipal de Educación e o Servizo Municipal de Deportes. O programa de actividades extraescolares do CEIP Isidro Parga Pondal, desenvólvese durante todo o curso escolar e

está formado por un bloque de actividades deportivas e outro de actividades culturais. O investimento anual é de 30.000 euros e nesta actividade poden participar todos os rapaces do centro que o desexen.

➤ 2.7 Programa de dinamización dos xogos populares nos centros de ensino

O Goberno local, coñecedor da importancia educativa que ten conservar o noso legado cultural, pretende dar a coñecer e promover a práctica dos **xogos populares** máis destacables do noso país con este programa itinerante en cada un dos centros públicos de Oleiros. Practícanse xogos como **a chave, a ra, o peón, os zancos, os bolos celtas, tiro da corda, o pano, entre outras**. Durante o pasado ano máis de 500 rapaces de varios centros de ensino gozaron dun retorno ás orixes dos xogos, do que esperamos que non só sexa que este percorrido se converta nunha posibilidade real de lecer, no perigoso mundo da tecnoloxía mal empregada.



➤ 2.8 Cursos de iniciación ao surf e body-board

Un concello aberto ao mar non pode esquecer a fabulosa plataforma litoral que é a praia de Bastiagueiro para practicar surf e body-board. Por este motivo, o concello organiza todos os anos e para maiores de 14 anos, **13 cursos intensivos** de iniciación e aprendizaxe básica do **surf e body-board** cun total de **195 prazas** ofertadas. O obxectivo é o de iniciar a máis mozos nas técnicas básicas para o dominio das disciplinas, e que lle sirvan posteriormente para unha práctica autónoma, segura e lúdica. A dispoñibilidade do local náutico de Bastiagueiro permitirá aos mozos e as mozas deixar gardado o seu propio material sen necesidade de ter que desprazalo desde o seus domicilios.





As competicións deportivas municipais



3

As competicións deportivas municipais



O Concello de Oleiros organiza anualmente un completo programa de competicións deportivas que está fortemente relacionado coa existencia dos clubs deportivos do municipio. O Goberno local entende que un dos mellores xeitos de axudar a estes clubs é a través da organización de torneos nas distintas disciplinas deportivas nas que Oleiros ten representación. Deste xeito, fóron-

se creando unha serie de torneos e ligas que pretenden estar estreitamente ligadas coa vida dos nosos clubs. Estas competicións teñen por obxectivo potenciar o deporte e contribuír a mellorar os distintos equipos. O investimento municipal na organización destes grandes eventos supón un investimento anual que se aproxima aos **60.000 euros**.



➤ 3.1 Torneo de Fútbol 11

A competición máis antiga que se realiza no municipio é o **torneo de fútbol** que organiza o Concello de Oleiros. Ten lugar durante os meses de xullo e agosto e nel participan todos os clubs de fútbol modesto do municipio. Os partidos deste torneo serven como preparación para a tempada de competición. Só en concepto de premios para os clubs participantes, o Goberno local destina un total **8.450 euros**.



▶ 3.2 Bandeira de Traíñas



A **Bandeira de Traíñas** é unha das competicións deportivas tradicionais máis vistosas e singulares. O remo é a mestura de tradición e deporte, de esforzo e solidariedade colectiva. Hoxe, en Oleiros, os remeiros non reman para chegar antes ao porto e vender mellor as capturas, se non que reman por levar unha das bandeiras de traíñas máis prezadas de Galicia,

con **9.000 euros** en premios. No verán e no marco incomparable do Parque de Nirvana ten lugar esta competición de remo coa participación do Club de Regatas de Perillo como protagonista oleirense. A bandeira pertence á liga galega de traíñas e reúne todos os anos a preto de **18 traíñas**, con máis de **270 remeiros** participando.



➤ 3.3 Trofeo de Patinaxe Artística

No **Trofeo de Patinaxe Artística** que organiza anualmente o Concello de Oleiros participan **300 patinadoras e patinadores** de toda Galicia. Esta cita ten lugar no pavillón municipal Arsenio Iglesias de Santa Cruz. Para organizar este evento o Concello conta co traballo e coa colaboración do **Club Patinaxe Oleiros** que ademais participa activamente nesta competición a todos os niveis. O trofeo oleirense de patinaxe é unha das competicións locais de maior beleza e plasticidade debido á espectacularidade das coreografías e á vestimenta das persoas participantes.



▶ 3.4 Tríatlon de Oleiros



Oleiros é pioneiro na organización de tríatlons en Galicia. Esta proba, que ten unha complexa organización, conta cunha participación anual aproximada de **140 atletas**, tanto federados como populares. O contorno natural do municipio fai que a competición conte cun grande atractivo para os amantes

deste deporte. A praia de Mera e o seu contorno son testemuña do esforzo dos participantes que desde hai máis de vinte anos chegan de toda Galicia. A natación, o sector de bicicleta e a carreira a pé compoñen esta apaixonante proba de resistencia.



➤ 3.5 Torneo de Tenis de Mesa



O Concello de Oleiros organiza coa colaboración do **Club de Tenis de Mesa Breogán de Oleiros**, un torneo de tenis de mesa que edición tras edición estase a converter nun

referente galego deste deporte. O torneo dispútase no polideportivo municipal de Bastiagueiro. **Máis de 250 participantes** de Galicia, danse cita neste encontro anual.



O **Club de Tenis de Mesa Breogán Oleiros** creouse no ano 2000 coa intención de abrir un espazo onde poder practicar esta disciplina olímpica. Desde entón, o club foi medrando nunha continua progresión. Na súa primeira tempada a escuadra oleirense contaba cun total de 5 xogadores nun só equipo, agora, conta con **8 equipos** que compiten en diferentes categorías a nivel autonómico.

▶ 3.6 Torneo de Chave



A chave é o xogo popular por excelencia en Oleiros. Como xa comentamos con anterioridade neste libro, este deporte tradicional segue a ter unha grande participación no municipio. Os clubs locais, Club A Nova Chave de Oleiros, Club de Chave de Perillo, Club

de Chave Oleiros, Club de Chave S.R. Perillo e Club O Peio de Santa Cruz, son os habituais participantes deste torneo no que o Concello reparte **1500 euros en premios**. Os encontros dispútanse nos distintos campos de chave espallados polo municipio.



➤ 3.7 Liga Municipal de Fútbol Sala



A **Liga Municipal de Fútbol Sala** é unha das competicións con maior participación cidadá das organizadas polo Concello. Nesta liga participan máis de **200 veciños** repartidos en **18 equipos** e dúas divisións. Os encontros da

liga teñen lugar no pavillón municipal de Canide. Para organizar esta complexa competición o Concello conta coa colaboración do Club Mera Fútbol Sala. Trátase dunha actividade en continua progresión e que medra ano tras ano.





Os programas deportivos recreativos de verán



4

Os programas deportivos recreativos de verán



Chega o verán e Oleiros é un fervedoiro de actividade. O período vacacional dos máis novos condiciona a oferta municipal que nesta época do ano se dirixe ao deporte recreativo e de ocio. Os campamentos deportivos son a actividade máis demandada, a súa variedade, a inclusión de transporte desde os domicilios e

o feito de poder realizar atractivas actividades en grupo fai que sexa o buque insignia da oferta de verán. Esta oferta estival complétase con cursos de **remo** na Fábrica, de **kaiak de mar** e **surf** en Bastiagueiro, **monopatín** na nova pista de monopatín e **xogos acuáticos** nas piscinas públicas, completan a ampla oferta estival.





▲ **Curso de remo na Fábrica.** Perillo

▼ **Xogos populares**



▲ **Curso kaiak de mar**

▲ **Xogos acuáticos**

▼ **Monopatín.** Pista de Bastiagueiro



No pasado ano 2009 participaron neste programa de verán un total de 478 rapaces e rapazas onde o concello investiu máis de 29.000 euros.



O Programa municipal de exercício físico para a saúde



5

O Programa municipal de exercicio físico para a saúde



Oleiros sempre foi un concello singular e pioneiro en moitos aspectos, en moitos eidos da nosa sociedade: urbanismo, ecoloxismo e benestar social poderían ser os alicerces fundamentais da nosa acción política e de goberno. Precisamente, relacionado con este

último ámbito do benestar social, naceu un programa de actividade física para a saúde que pretende dar resposta ás necesidades de exercicio físico que ten a xente que padece algún tipo de lesión ou patoloxía.





Os programas actuais en marcha son o **Programa de prevención de dor de costas**, o **Programa de prevención dos riscos cardiovasculares**, o **Programa de prevención e rehabilitación de enfermidades reumáticas** e o **Programa de tratamento de distintas patoloxías**.

Ademais, actualmente o Concello de Oleiros e o Centro de Saúde de Santa Cruz teñen aberta unha interesante liña de colaboración entre os dous organismos para que desde o propio centro de saúde, e unha vez diagnosticada a patoloxía en cuestión, os propios médicos do centro expliquen e deriven a persoa a este programa municipal dirixido por profesionais da actividade física, e onde recibirán un tratamento específico para a súa doenza.

Esta vía de colaboración entre o centro de saúde e o centro de actividade física é absolutamente pioneiro en Galicia.



Os deportistas oleirenses



6

Os deportistas oleirenses



O conxunto de entidades deportivas do municipio é un caldo de cultivo idóneo para o xurdimento de promesas do deporte e deportistas de alto nivel. Ao longo dos últimos anos foron xurdindo en Oleiros un importante grupo de destacados deportistas de todas as idades que teñen un papel relevante nas súas respectivas disciplinas a nivel autonómico, nacional e incluso internacional. Algúns dentro dos clubs locais ou en equipos doutras latitudes e outros de forma autónoma, fan do seu éxito un triunfo colectivo.



➤ **ÁLEX COUCEIRO FIGUEROA (pádel)**



Álex Couceiro vén demostrando ser un dos máximos expoñentes do pádel galego. Na tempada 2009 foi campión masculino do Torneo ASM–Nox, e acadou a vitoria na fase previa do campionato galego absoluto. Rematou o ano na quinta posición da clasificación da Federación Galega de Pádel.

➤ **JORGE COUCEIRO FIGUEROA (pádel)**

Jorge Couceiro é subcampión infantil dos torneos máis importantes do circuío galego. Ademais ao longo de 2009 acadou o triunfo na fase previa do campionato galego absoluto de pádel, o subchampionato infantil. Ademais Couceiro é campión galego na categoría cadete.



➤ **AMAUERIS TEMÓ SEMANAT (esgrima)**



Amauris foi campión galego absoluto na modalidade de espada. Os seus obxectivos a curto prazo son seguir competindo ao máximo nivel na vindeira tempada.

➤ ANTÍA RODRÍGUEZ SÁNCHEZ (voleibol)



Antía Rodríguez é unha xogadora de voleibol cun futuro prometedo. Ao longo da pasada tempada logrou un destacado sexto posto no campionato de España cadete por seleccións autonómicas que se realizou en Cáceres. Ademais acadou o terceiro posto no campionato galego cadete por equipos e outra terceira posición no campionato galego xuvenil. Antía compaxina o voleibol coa práctica do volei-praia, onde acadou o décimo terceiro posto no campionato de España sub-17 en Xixón.

➤ CARLA RODRÍGUEZ SÁNCHEZ (pádel)

Carla Rodríguez é a pequena de dúas irmás cunha clara vocación deportista. Ademais do voleibol e volei-praia, esta oleirense practica o pádel onde ao longo de 2009 participou no circuíto nacional cun destacado papel. Como xogadora de volei, ao longo da tempada 2009-2010 Carla logrou o sub-campionato galego por equipos e un meritorio noveno posto no campionato de España. Ademais foi convocada pola selección galega en categoría infantil.



➤ BEATRIZ ARREGUI GARCÍA (esgrima)



A novísima tiradora oleirense é unha das grandes promesas galegas de esgrima. Na súa curta traxectoria xa logrou acadar o subcampionato galego na modalidade de espada e rematou terceira na de florete. Ambas as dúas competindo en categoría alevín. Beatriz posúe un gran potencial en destreza e habilidade para a práctica da esgrima. Estas características son o principal motivo dos seus bos resultados.

➤ BEGOÑA DE ARRIBA BELLOGUÍN (atletismo)

Begoña de Arriba é unha atleta veterana que compaxina o medio fondo co lanzamento de peso. Ao longo da tempada 2009 logrou a medalla de ouro en lanzamento de peso no campionato galego de atletismo de veteranos en pista cuberta. Ademais conseguiu o terceiro posto na proba dos 1.500 metros. Meses máis tarde, repetiu estes resultados na proba ao aire libre que tivo lugar no Barco. No campionato de España disputado en Zaragoza acadou o quinto posto nas dúas probas.



➤ CHRISTIAN PARADELA GARALOCES

(aeromodelismo acrobático)



Christian Paradela é campión galego de acrobacia en aeromodelismo na categoría F3A. Ademais este mozo de Maianca conseguiu un meritorio sétimo posto na categoría absoluta no campionato de España que tivo lugar en León en 2009.

➤ JOSÉ SÁNCHEZ SÁNCHEZ (piragüismo)

José Sánchez é unha grande promesa do piragüismo nacional cuxa meta debe estar posta nunha das próximas citas olímpicas. É internacional coa selección española de piragüismo, e no campionato de España de 2009 logrou a vitoria na categoría C2 1000 e C2 500 e o segundo posto en C2 200 metros.

Deportista Galego de Alto Nivel



➤ EVA CASTRO FERNÁNDEZ (ciclismo)

Deportista Galega de Alto Nivel



Eva Castro é unha deportista de primeiro nivel. Os seus logros deportivos mídense en participacións en eventos internacionais en distintas disciplinas técnicas de ciclismo BMX. Eva participou en varias ocasións na Copa do Mundo de Four Cross, onde acadou un cuarto posto na edición que tivo lugar en Vigo. A nivel nacional tamén acadou actuacións estelares. A pasada tempada competiu en varias probas do circuito internacional e disputou o campionato de España de Cruiser, onde rematou subcampioa.

PABLO VARELA DÍAZ (ciclismo)



Pablo Varela é un ciclista en clara progresión. Na pasada tempada participou no circuito invernol de ciclocross, e acadou postos destacados sendo aínda cadete. Ademais logrou a décimo segunda posición no campionato galego desta modalidade. A dedicación e constancia que Pablo amosa nos seus adestramentos serán un factor determinante no seu desenvolvemento como ciclista.

OLAYA GUNTÍN RODRÍGUEZ (patinaxe artística)

Olaya Guntín é unha destacada patinadora artística do noso Concello. Ao longo de 2009 acadou o décimo sexto posto no campionato de España infantil e a pasada tempada logrou o vixésimo segundo posto na mesma proba, pero en categoría cadete. As próximas tempadas, nas que Olaya dará o salto á categoría xuvenil, serán claves para esta ximnasta.



UXÍO MARCOS NORES (fútbol)



Uxío Nores é alumno de 2º de bacharelato do IES María Casares. A pasada tempada foi convocado para participar no IX Campionato Europeo Sub-17 de Fútbol que tivo lugar en Liechtenstein. Na actualidade xoga nas categorías inferiores do Real Club Deportivo de A Coruña e ten un prometedor futuro como defensa central.

➤ LAURA CERVELO MARTÍNEZ (pádel)



Laura Cervelo foi subcampioa galega categoría alevín de pádel, formando parella con Carla Rodríguez na última edición do campionato autonómico celebrado en setembro de 2009. Ademais conta con destacadas participacións en diversos campionatos individuais a nivel provincial e autonómico.

➤ MANUEL VILLADONIGA MARTÍN (esgrima)

Manuel Villadoniga é subcampión de España veterano de esgrima. Este oleirense ten como obxectivo a curto prazo dinamizar a práctica deste deporte no noso municipio e noutras zonas da comarca.



➤ OLAYA CEA FONTELA (tenis de mesa)



Olaya Cea é unha grande promesa do tenis de mesa. Actualmente é xogadora de división de honra co Club Arteal de Santiago de Compostela, aínda que se formou desde moi pequena nas categorías base do Club de Tenis de mesa Breogán de Oleiros, onde xa tivo moi bos resultados desde a categoría infantil.

➤ JOSÉ MANUEL BAO MARTÍNEZ (atletismo)



José Manuel Bao é un dos grandes campións do municipio de Oleiros. Bao logrou ao longo da súa traxectoria como atleta de velocidade grandes logros deportivos. Pero quizais a súa época máis gloriosa chegou como competidor na categoría de veterano. Onde conseguiu nos últimos anos proclamarse campión de España de 50, 60, 100 e 200 metros lisos. O obxectivo de Bao para a próxima tempada será acadar unha vitoria internacional de relevancia para sumar ao seu amplo palmarés.

➤ JUAN CARLOS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (tenis de mesa)

Juan Carlos Rodríguez leva moitos anos practicando tenis de mesa e é un dos responsables de que este deporte conte con varias promesas e cunha alta participación no noso concello a través do seu labor no club local. Nos últimos anos logrou proclamarse campión de España desta disciplina en categoría de máis de 50 anos. Juan Carlos é un xogador de tenis de mesa incombustible. Leva moitos anos competindo a un alto nivel, compaxinando os seus adestramentos con outras responsabilidades dentro do seu club.



➤ ANTONIO CASAL REY (tiro)



Antonio Casal é un destacado tirador a nivel galego. Ao longo da súa extensa traxectoria nesta disciplina acadou títulos como o campionato galego veterano de tiro con carabina.

➤ PABLO VASALLO RODRÍGUEZ (patinaxe artística)

Pablo Vasallo está a conseguir un importante palmarés como patinador. Ao longo desta tempada acadou o cuarto posto no campionato de España e, ademais, logrou unha meritoria quinta praza na Copa de Francia como patinador na categoría júnior.



➤ LUCÍA LÓPEZ LÓPEZ (ximnasia artística)



Lucía López practica ximnasia artística feminina desde que tiña cinco anos. Na súa longa traxectoria destaca a cuarta posición que conseguiu no campionato de España en solo e a quinta en barra no ano 2008. Ademais en 2009 conseguiu a terceira mellor nota en solo na proba nacional. Os resultados deportivos de Lucía son produto das súas excelentes calidades, e do gran número de horas de adestramentos que require a ximnasia deportiva.

➤ LUCÍA VEIGA MOSQUERA (vela)



Lucía Veiga navega en vela lixeira, na clase Snipe. A oleirense acadou xunto coa súa compañeira de tripulación importantes logros deportivos a nivel autonómico, nacional e internacional. Na súa traxectoria destaca o campionato de España en categoría Snipe. Ademais, Lucía formou parte do equipo da clase Snipe para

o campionato do mundo xuvenil realizado en 2009 en Roquetas de Mar, en Almería.

➤ SERGIO CASAL FIGUEROA (balonmán)

Sergio Casal ten un prometedo futuro como xogador de balonmán. Foi subcampión de España coa selección cadete de balonmán de Galicia en 2008. Despois de pasar polos clubs de balonmán de Oleiros, polo OAR e polo Culleredo, a vindeira campaña xogará en Primeira División Nacional co Club Cisne Balonmano de Pontevedra. Co salto cualitativo a este novo club, Sergio terá a oportunidade de competir nunha liga de gran nivel deportivo e que lle servirá para progresar como xogador de balonmán.



➤ **CLAUDIA CALVELO AMEIJERAS (baloncesto)**



Claudia Calvelo é unha das máis grandes promesas do baloncesto galego. A oleirense foi seleccionada pola Federación Española para o europeo sub 18 de baloncesto feminino, onde logrou o subcampeonato de Europa. Ademais no seu club ten un importante rol como xogadora. A estatura e as excelentes condicións físicas e técnicas de Claudia recordan as do seu pai e adestrador, o tamén oleirense e ex xogador de baloncesto en división de honra Pepín Calvelo.

➤ **CRISTINA MAROÑAS LORENZO (tiro con arco)**

Cristina Maroñas está a desenvolver nas últimas tempadas un destacado papel nas competicións autonómicas de tiro con arco. Ademais de monitora nacional desta modalidade olímpica, esta moza oleirense acadou este mesmo ano un meritorio terceiro posto no Campionato Galego de Sala Recurvo Sénior Feminino. O principal desafío de Cristina de cara ás próximas tempadas será realizar un bo papel no campionato autonómico e intentar dar un salto cualitativo que lle permita ser competitiva a nivel nacional.



➤ FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ REIGADA (kárate)



González Reigada é un karateka cunha clara proxección internacional. Este policía local de Oleiros proclamouse en dúas ocasións, ao longo da súa vida deportiva, campión do mundo de kárate na modalidade kumite nos Xogos Mundiais de Policía e Bombeiros. Ademais, Reigada posúe distintos galardóns nacionais acadados como karateka.

➤ BORJA ROO BRAVO (remo olímpico)

Borja é unha das grandes promesas do remo galego. No 2009 acadou a medalla de bronce no campionato de España na modalidade de catro scull. Nesta tempada engrosou o seu palmarés co título de campión galego en remoergómetro, co título de campión galego en skiff e



coa medalla de bronce no campionato de España. Este remeiro oleirense ten, con 14 anos, un excelente potencial xa que combina forza e resistencia con flexibilidade e técnica. Ademais destaca a súa gran capacidade de esforzo e sacrificio, aspectos fundamentais para a práctica deste deporte.

Judokas oleirenses



Fila superior, de esquerda a dereita: Silvia Lage Rivera, Diego Fajardo Facal, Rebeca Cano Ruiz, Yolanda Fajardo Facal. Fila inferior, de esquerda a dereita: Alejandro Castro Pardo, Aitor López García, Saray Antelo Ínsua.

> SILVIA LAGE RIVERA

Silvia Lage logrou a pasada tempada a medalla de bronce no campionato galego en categoría sub 15.

> DIEGO FAJARDO FACAL

Diego protagonizou un excelente campionato galego cando competía en categoría cadete logrando o terceiro posto nesta proba autonómica.

> REBECA CANO RUÍZ

Rebeca Cano leva tres tempadas competindo a un altísimo nivel. En 2008 logrou o subchampionato de España en categoría cadete. Ao longo do 2009 conseguiu a prata no campionato galego en categoría sub 20 e este ano gañou a medalla de bronce no campionato galego sénior.

> YOLANDA FAJARDO FACAL

Yolanda conseguiu esta tempada rematar en terceira posición do campionato galego de judo en categoría sub 15.

> ALEJANDRO CASTRO PARDO

Álex Pardo protagonizou un grande campionato galego en categoría cadete, onde logrou o subcampionato autonómico.

> AITOR LÓPEZ GARCÍA

Aitor é outra das grandes promesas do judo oleirense. Este mozo é campión galego en categoría sub 15 e rematou en quinta posición no campionato de España da categoría.

> SARAY ANTELO ÍNSUA

Saray acadou unha máis que meritoria medalla de prata no campionato infantil do pasado ano.

> MARGALIDA ROIG CARRIÓ

Margalida Roig logrou a medalla de prata no sector nacional sub-23-52 kg, ademais foi segunda no campionato galego sénior, segunda no sector do campionato de España sénior e quinta no campionato de España universitario.

Entre os judokas máis novos destaca **Sofía Varela**, que acadou unha meritoria medalla de bronce no campionato galego infantil de 2010.





Os clubs deportivos de Oleiros



Os clubs deportivos de Oleiros



O traballo levado a cabo polo Goberno municipal en materia deportiva, ao longo das últimas décadas, axudou a consolidar un importante grupo de clubs deportivos do municipio e impulsou a creación de novas institucións. A construción de novas instalacións deportivas de calidade e a creación de programas municipais que promovan o deporte e a educación física a todas as idades foron factores determinantes para que

Oleiros conte na actualidade cun rico conxunto de entidades deportivas. Ademais, o Concello de Oleiros subvenciona estes clubs de forma anual para garantir o seu futuro a través da realización de actividades para os máis pequenos. Durante o ano 2009, por exemplo, o investimento municipal para subvencionar as entidades deportivas a través do Organismo Autónomo Municipal de Cultura foi de 57.200 euros.



FÚTBOL



▲ Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva de Dorneda



▲ Marino de Mera Club de Fútbol



▲ Hércules SDC de San Pedro



▲ Atlético Perillo Club de Fútbol



▲ Club Atlético San Pedro



▲ Unión Campestre de Montrove Fútbol Club



▲ Club de Fútbol Santa Cruz de Liáns



▲ Club Deportivo Obrero de Oleiros

BALONCESTO



▲ Club Baloncesto Oleiros



▲ Agrupación Deportiva Valle Inclán



▲ Club Baloncesto Feminino As Torres

▶ BALONMÁN



▲ Club Balonmán Oleiros

VOLEIBOL



▲ Club Voleibol Oleiros

REMO



▲ Club de Regatas de Perillo



▲ Centro Deportivo Mariñeiro de Mera

▶ PATINAXE



▲ Club Patinaxe Oleiros



▲ Club Patín Rabadeira

► XIMNASIA



▲ Club de Ximnasia Rítmica Acordes



▲ Club de Ximnasia Deportiva Cabi

▶ CHAVE



▲ Club A Nova Chave de Oleiros



▲ Club de Chave de Perillo



▲ Club de Chave Oleiros



▲ Club de Chave S.R. Perillo



▲ Club O Peio de Santa Cruz

TENIS



▲ Club de Tennis Maianca



▲ Escola de Tennis Canabal



▲ Club de Tenis de A Coruña

► TENIS DE MESA



▲ Club de Tenis de Mesa Breogán

▶ FÚTBOL SALA



▲ Unión Deportiva Libertad



▲ Mera Fútbol Sala



▲ Club Sporting Valle Inclán

▶ JUDO



▲ Judo Club Oleiros

MONTAÑISMO E ESCALADA



▲ Club de Montaña Pico do Castro

NATACIÓN SINCRONIZADA



▲ Club Acuatic Coruña

Orgullosos de vivir en Oleiros

Concello de  Oleiros

www.oleiros.org





Concello de Oleiros
Servizo Municipal de Deportes